

Seguro Accidentes

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España
(clave DGSFP C-0807)

Produto: Seguro ILT Autónomos BBVA Allianz

A información precontractual e contractual completa do produto proporciónase noutros documentos.

En que consiste este tipo de seguro?

En que consiste este tipo de seguro?

O obxecto do seguro é cubrir a diminución de ingresos cando esteas en situación de baixa médica e non poidas desenvolver a túa actividade como autónomo ou profesional liberal colexiado.

O produto dispón de tres modalidades de contratación coas mesmas coberturas, só diferenciadas polos capitais asegurados.

A indemnización establécese de acordo coa modalidade do produto escollida e a táboa de valoración que indica os días de indemnización correspondentes segundo a patoloxía causante. A devandita indemnización aboarase mediante un pagamento único.

Ademais, entre outras, o seguro tamén ofrece cobertura de falecemento e incapacidade permanente e absoluta en caso de accidente.



Que se asegura?

- ✓ Incapacidade temporal por accidente: Pagamento dunha indemnización diaria, en función da modalidade escollida, por causa dun accidente cando quedes incapacitado temporalmente para o exercicio da túa actividade ou profesión.
- ✓ Incapacidade temporal por enfermidade: Pagamento dunha indemnización diaria, en función da modalidade escollida, por causa de enfermidade cando quedes incapacitado temporalmente para o exercicio da túa actividade ou profesión.
- ✓ Indemnización diaria por hospitalización: Pagamento dunha indemnización diaria, en función da modalidade escollida, cando esteas ingresado nun hospital debido a tratamento médico ou cirúrxico, tanto en caso de enfermidade coma por accidente.
- ✓ Falecemento por accidente: A aseguradora indemnizaría os teus beneficiarios en caso de falecemento por accidente.
- ✓ Falecemento por infarto (accidente de traballo): A aseguradora indemnizaría os teus beneficiarios en caso de falecemento por infarto cando o infarto sexa considerado como accidente de traballo.
- ✓ Incapacidade permanente absoluta por accidente: A aseguradora indemnizaríate por incapacidade permanente absoluta cando esta sexa unha situación física e irreversible provocada por un accidente, e sempre que non poidas desenvolver ningunha relación laboral ou actividade profesional.
- ✓ A suma asegurada de cada garantía establecerase nas condicións particulares do teu contrato de seguro.



Que non está asegurado?

Resumimos as principais exclusións. Tes a súa totalidade á túa disposición na nota informativa e nas condicións xerais.

- ✗ Feitos ou fenómenos cuxa cobertura corresponda ao Consorcio de Compensación de Seguros, incluso cando a devandita entidade non a admita por incumprimento das normas establecidas no seu regulamento ou en disposicións vixentes na data de producirse o accidente ou enfermidade.
- ✗ Trastornos de ansiedade e/ou trastornos depresivos, fibromialxia, síndrome de cansazo crónico e estrés.
- ✗ Procesos de columna vertebral (cervicalxias, dorsalexias, lumbalexias...) con ausencia de síntomas neurolóxicos obxectivos clinicamente e por probas de imaxe que confirmen a patoloxía causante.

Seguro Accidentes

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España
(clave DGSFP C-0807)

Produto: Seguro ILT Autónomos BBVA Allianz



Existen restricións no que respecta á cobertura?

Resumimos as principais restricións. Tes a súa totalidade á túa disposición na nota informativa e nas condicións xerais.

- ! Debes ser autónomo ou profesional liberal colexiado e estar pagando a cota de autónomo ou do colexio respectivo.
- ! A cobertura da garantía de incapacidade temporal por enfermidade e hospitalización por enfermidade comeza aos 6 meses do inicio do contrato e aos 12 meses cando a baixa sexa como consecuencia dun proceso, que non estea dentro das exclusións, de hernia discal, lumbalxia, dorsalxia, cervicalxia e para o risco de parto.
- ! Nos casos de hernia discal, lumbalxias, dorsalxias e cervicalxias, o período de cobertura máximo é dun mes en cada anualidade do seguro.
- ! Existen determinadas patoloxías na táboa de valoracións que non xeran indemnización.
- ! A cobertura de incapacidades temporais sucesivas comeza unha vez que transcorra un mes desde a última se as causas das incapacidades son distintas ou 6 meses se son as mesmas.
- ! A incapacidade e/ou o falecemento por infarto (accidente de traballo) ten que estar outorgada polo organismo competente español.
- ! O falecemento ten que ocorrer dentro dos 12 meses seguintes a que se produza o accidente.
- ! A incapacidade absoluta e permanente ten que estar determinada dentro dos 24 meses seguintes a que se produza o accidente.
- ! As garantías por incapacidade temporal derivada de accidente e de enfermidades son incompatibles e exclúntes entre si.



Onde estou cuberto?

- ✓ En todo o mundo.



Cales son as miñas obrigas?

- Contestar verazmente os cuestionarios requiridos por BBVA Allianz Seguros para a correcta valoración do risco.
- Realizar o pagamento periódico do prezo do seguro.
- En caso de producirse o accidente ou a enfermidade, comunicarllo a BBVA Allianz Seguros nun prazo de 7 días e achegar a documentación que o acredite para a correcta tramitación do expediente.
- Comunicarlle a BBVA Allianz Seguros a modificación dos teus datos persoais, de ser o caso.
- Comunicarlle a BBVA Allianz Seguros se deixas de ser autónomo ou profesional liberal colexiado.



Cando e como teño que efectuar os pagamentos?

- O recibo do seguro domiciliarase na conta bancaria que nos indiques.
- Poderás elixir entre as seguintes opcións de pagamento: mensual, trimestral, semestral ou anual.

Seguro Accidentes

Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., con domicilio social en España
(clave DGSFP C-0807)

Produto: Seguro ILT Autónomos BBVA Allianz



Cando comeza e finaliza a cobertura?

O contrato entra en vigor ás 00:00 horas da data de inicio e a súa duración é dun ano. Renovarase de forma automática anualmente, salvo que ti ou BBVA Allianz Seguros indique o contrario, e finalizará cando ocorra algún dos seguintes supostos:

- Fagas 65 anos.
- Deixes de ser traballador autónomo ou profesional liberal colexiado.
- Non realices o pagamento periódico do prezo do seguro.
- Se produza o falecemento ou incapacidade permanente absoluta do asegurado.

Ademais, a cobertura de falecemento por infarto finaliza cando fagas os 60 anos.



Como podo rescindir o contrato?

O contrato do seguro ILT Autónomos BBVA Allianz é anual, aínda que ti o pagues a prazos. Para solicitar a non renovación do contrato debes de nolo comunicar cun mes de antelación á súa data de finalización, para o que dirixirás un escrito, xunto coa fotocopia do teu DNI ou documento equivalente acreditativo da túa identidade, a BBVA Allianz Seguros ao domicilio que figura nas condicións xerais da póliza (Calle Ramírez de Arellano, 35 28043 Madrid). Tamén o podes entregar en calquera das oficinas do Grupo BBVA ou envialo ao enderezo de correo electrónico seguros@bbvaallianz.es. Así mesmo, debes comunicarnos se deixas de ser autónomo ou profesional liberal colexiado. Cancelaremos o contrato e devolverémosche a parte do recibo non consumido.